



Estimado pai, nai ou titor legal,

Informámosvos de que foi detectado un caso de tose ferina no centro educativo do voso fillo/a, polo que puidera estar exposto/a a dita enfermidade. A tose ferina é unha infección que afecta ás vías aéreas e que facilmente pode diseminarse dunha persoa a outra ao tusir ou esberrar. A tose que produce pode ser grave e cursar en forma de ataques de tose e/ou con vómitos. Calquera pode enfermarse de tose ferina, pero as formas graves e perigosas son as que desenvolven os nenos menores de 1 ano que inda non recibiron as 3 doses de vacina da tose ferina. As persoas da familia, especialmente irmáns e irmás, inda que tamén nais e pais, poden transmitir a enfermidade aos nenos pequenos.

RECOMENDACIÓNS PARA TODOS OS ALUMNOS/AS DAS AULAS:

1º. Revisar a **cartilla vacinal** do fillo/a para comprobar que ten todas as doses que lle corresponden por idade. Se non as tivese, solicitar cita co seu pediatra/médico de cabeceira para actualizar o calendario. Neste enlace pódese consultar o calendario vacinal vixente en anos anteriores: <https://www.sergas.es/Saude-publica/Calendarios-anteriores?idioma=ga>

2º. Se o fillo/a teñen **tose**, solicitar unha cita co seu pediatra/médico de cabeceira.

3º. Se o fillo/a é **diagnosticado** de tose ferina polo seu pediatra/médico de cabeceira:

- comunicar ao centro educativo o diagnóstico da tose ferina.
- non poderá acudir ao centro educativo, nin a outras actividades como por exemplo as deportivas ou en grupo, nos 5 días seguintes ao inicio do tratamento antibiótico.

Servizo de alertas Epidemiolóxicas
Xefatura territorial de Sanidade de Pontevedra